

Tema 8, texto 2

A NOSA TERRA

Dispárase a agricultura ecolóxica

E. P. A superficie destes cultivos aumenta un 63% no último ano en Galiza, sobre todo en Ourense.

06.03.2008

Galiza aumentou nun 63 por cento a superficie dedicada a agricultura ecolóxica no último ano, o que supón "case o dobre" do incremento no territorio estatal. Ademais, as explotacións gandeiras incrementáronse nun 162 por cento.

Así o deu a coñecer hoxe en Ourense na presentación dun estudo a ministra de Agricultura, Pesca y Alimentación (MAPA), Elena Espinosa, quen destacou que Galiza conte con "vantaxes naturais" para "adaptarse" a este tipo de actividade polos seus pastos, montes comunais e minifundismo.

Olivas ecolóxicas

Polo que se refire á produción de cereais, Elena Espinosa destacou á provincia de Ourense que "é a que produce máis" con máis de 61 hectáreas, ademais de encabezar Galiza en cultivo oliveiral ecolóxico.

Ademais, Ourense continúa sendo a provincia que máis superficie dedica ao cultivo da vide que "despois se transforman en viños ecolóxicos" así como a "pastos, pradaría e forraxes" que é a "base da gandaría ecolóxica".

A horta lucense

Lugo é, non obstante, a provincia que conta con maior produción de hortalizas e tubérculos, ao igual que acontece en "froiteiros, plantas aromáticas e medicinais, bosque e en reprodución de silvicultura".

Polo que se refire ás explotacións gandeiras de Galiza, Espinosa fixo referencia ás 20 explotacións de vacún de carne que existen na actualidade na provincia de Ourense e tres de vacún de leite.

Censo de industrias

Así mesmo, revelou que en Galiza hai 64 industrias de elaboración de produtos ecolóxicos das que 24 "están relacionadas coa produción animal" e destacou unha decena de matadoiros e salas de despezamento e oito industrias de leite e derivados", das que 6 están situadas en Ourense.

Datos xerais

En todo caso, a ministra aclarou que no primeiro lugar en número de hectáreas dedicadas a agricultura ecolóxica se atopa Andalucía "non só pola súa superficie senón porque a primeira que comezou", e que experimentou en 2007 unha aumento do 9 por cento, seguida por Aragón, Extremadura, Cataluña, Castilla La Mancha e a Comunidade Valenciana.

Espinosa ofreceu na subdelegación del Gobierno de Ourense un estudio sobre agricultura ecolóxica no que se revela que España experimentou en 2007 un crecemento importante tanto en superficie cultivada coma en número de operadores dedicados á agricultura ecolóxica.

A ministra destacou o crecemento experimentado no número de hectáreas á agricultura ecolóxica, cun "6,7 por cento máis que en 2006", xa que en 2007 se achegou ao millón de hectáreas (988.322 hectáreas).

Elena Espinosa asegurou que estes datos sitúan a España como "segundo país" da Unión Europea en superficie dedicada á agricultura ecolóxica, despois de Italia, mentres que no marco mundial ocupa o sétimo posto.

Así mesmo, destacou que a maior superficie está destinada a "pastos e bosques" que son a "base da alimentación da gandaría" con 600.000 hectáreas mentres que en produción agrícola "os cereais e as leguminosas ocupan o primeiro lugar" seguido do oliveiral que "ocupa máis do 25 por cento".

Polo que se refire a operadores, a cifra alcanzada durante o pasado ano, 20.171, supón un incremento do cinco por cento fronte a 2006. Este número integra 18.226 produtores correspondentes ao sector primario, a 2061 elaboradores e comerciais e a 72 importadores. Así mesmo, por primeira vez contabilizáronse 210 operadores correspondentes a almacenistas e intermediarios neste sector.